

**CONCELLO DE CUNTIS**

*Anuncio da modificación das bases para a provisión, por promoción interna, de dúas prazas de funcionarios pertencentes á escala de administración xeral, subescala administrativa.*

No BOP de Pontevedra nº 70, do mércores 15 de abril de 2009, figura publicada a modificación das bases para a provisión por promoción interna de dúas prazas de funcionarios pertencentes á escala de administración xeral, subescala administrativa, no Concello de Cuntis, por promoción interna, mediante concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público do ano 2008.

Cuntis, 15 de abril de 2009.

Fátima Monteagudo Pereira  
Alcaldesa

**CONCELLO DE GUITIRIZ**

*Anuncio.*

Procedemento de avaliación ambiental: trámite de avaliación ambiental.

Expediente R.E. nº 1139/2009.

Marta Teresa Lodeiro Carballido solicitou licenza municipal de actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, de conformidade co Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

A actividade para a cal solicita licenza identifícase co rexistro de entrada nº 1139/2009, para ampliación de explotación de vacún de leite en corte e fosa de xurro segundo proxecto técnico asinado por Jacobo Pazos García, no lugar do Castro, parroquia de Santa Cruz de Parga, concello de Guitiriz.

De acordo co disposto no punto 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte (20) días hábiles, co fin de que durante este -que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*- poidan examinar o expediente, na secretaría xeral, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretendan instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

O prazo de exposición pública computarase desde a última das publicacións oficiais sinaladas.

Guitiriz, 17 de abril de 2009.

Regina Polín Rodríguez  
Alcaldesa

**CONCELLO DE MONDOÑEDO**

*Edicto.*

Emilio Fernández Gómez solicitou desta Alcaldía, en representación de *Fergo Galicia Vento, S.L.*, licenza de actividade para parque eólico de Mondoñedo, que se instalará en Mondoñedo, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, co fin de que durante este prazo -que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP ou no *Diario Oficial de Galicia*- as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se coiden oportunas.

Mondoñedo, 1 de abril de 2009.

Manuel Orlando González Cruz  
Alcalde

**CONCELLO DE REDONDELA**

*Anuncio.*

As bases xerais desta convocatoria serán as que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, aprobadas por resolución da Alcaldía, con data do 11 de xullo de 2008 e publicadas no BOP de Pontevedra nº 175, con data do 10 de setembro de 2008, e as bases específicas aprobadas pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2009 e publicadas no BOP de Pontevedra nº 57, do 25 de marzo de 2009.

-Praza de persoal funcionario:

\* 1 praza de arquitecto/a técnico/a, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica e integrada no grupo A2, por quenda libre, oferta 2006.

Redondela, 27 de marzo de 2009.

Xaime Rei Barreiro  
Alcalde

**CONCELLO DE TUI**

*Anuncio.*

No BOP de Pontevedra nº 57, do 25 de marzo de 2009, publícase anuncio da convocatoria e as bases que rexerán no concurso-oposición restrinxido para a cobertura dunha praza da escala de Administra-